

O retraso na convocatoria de axudas ao fomento do galego no ensino suporá a eliminación de numerosas actividades de formación do alumnado

A Secretaría Xeral de Política Lingüística non convocou segundo os prazos previstos as axudas ao fomento do galego correspondentes ao curso 2011-2012, o que imposibilita a planificación e execución dos proxectos de promoción do idioma no ensino non universitario.

A estas alturas, os centros educativos teñen a certeza de que neste primeiro trimestre de curso van quedar sen orzamento para poder realizar actividades, o que provocará unha merma importante na formación do alumnado, privado das numerosas actividades formativas desenvolvidas polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega.

As axudas ao fomento da lingua galega no ensino non universitario para o curso 2011-2012 aínda non foron convocadas e acumulan un retraso superior a un mes respecto da convocatoria do ano pasado. Este retraso afecta gravemente á planificación dos proxectos que desenvolven os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), que descoñecen os recursos cos que van contar para levar a cabo as actividades orientadas a mellorar a capacitación lingüística do alumnado e que, en moitos centros, supoñen unha boa parte das súas actividades extraescolares e complementarias.

O adiamento das axudas supón a práctica parálise da actividade no primeiro trimestre debido aos prazos estipulados neste tipo de convocatorias e á responsabilidade dos EDLG, que non poden executar as súas programacións sen coñecer os recursos cos que contan. Ao convocarse nos primeiros meses do 2012, retrasaríase a resolución das axudas ao tramo final do ano lectivo, como xa ten pasado outros anos, paralizano así o labor dos equipos. Ademais, cómpre sinalar que aínda non se cobraron as partidas correspondentes ao curso pasado e que a tramitación das axudas á promoción do galego está sendo obxecto dunha rigorosidade que non se aplica a outros programas escolares similares.

O incumprimento dos compromisos adquiridos cos EDLG a este respecto por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística pon en serio perigo actividades como os certames literarios e artísticos, a elaboración de traballos audiovisuais, o funcionamento de emisoras de radio e os grupos de teatro, a publicación de revistas e xornais, a dinamización das novas tecnoloxías, os programas colaborativos cos concellos e asociacións profesionais, veciñais, culturais e deportivas, etc., todos eles proxectos que melloran a formación integral, non só lingüística, do alumnado.

Esta problemática súmase ao conxunto de medidas regresivas para a presenza e promoción da lingua galega no ensino, como o seu retroceso como lingua vehicular, sobre todo no ensino infantil, a súa eliminación das áreas científico-tecnolóxicas ou a recente anulación das axudas á edición de materiais educativos en galego, que trataban de paliar a escaseza de recursos pedagóxicos e didácticos que se detecta en numerosas materias.